



ANPE sempre apostou pola unidade sindical e pola negociación colectiva en beneficio de todo o profesorado.

Nos últimos días, o profesorado galego recibiu mensaxes masivas de certas organizacións sindicais reclamando “unidade” pero **baixo condicións impostas unilateralmente**, e mesmo ameazando cunha folga indefinida a comezos do próximo curso.

Desde **ANPE** queremos deixar claro que:

- A verdadeira forza está na **acción conxunta e sen exclusións**, non en proxectos sectarios nin en estratexias que buscan protagonismo.
- **ANPE** sabe o que asinou coa Consellería e co Presidente Rueda. O Acordo de melloras inclúe medidas aínda pendentes de aplicar e outras bloqueadas pola interpretación restritiva da Consellería a través da Lei 5/2024.
- Para ANPE, **a mobilización é tan lexítima como a negociación ou a vía xudicial**. Non descartamos nada: se a Consellería non cumpre, estaremos nas rúas xunto ao profesorado.
- O noso obxectivo é claro: **conseguir avances reais, non xestos baleiros**.
- Non retiraremos a sinatura do Acordo, porque os logros xa acadados son evidentes. Que quen non o asinou agora reclame o seu cumprimento é a mellor proba de que tiñamos razón.
- Non aceptamos leccións de quen **leva anos beneficiándose do traballo doutros sen dar un paso adiante cando tocaba**.